Segundo reza o ***artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021***, o alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

A materia poderá ser superada de dous xeitos distintos:

### A. MEDIANTE AVALIACIÓN CONTINUA E ENTREGA DE MATERIAL DE REFORZO

- Por decisión do departamento, se un alumno/a coa materia pendente **aprobaseas dúas primeiras avaliacións do curso superior** no que está matriculado, automaticamente tería **aprobada a materia pendente** do curso anterior.
- Ademais do requisito anterior, ao alumnado coa materia pendente de cursos anteriores se lle facilitará a entrega duns**boletíns de actividades e exercicios** correspondentes a cada unha das unidades que se traballaron no curso anterior para repasar a materia pendente. En total serán **dous boletíns**. Estes boletíns incluirán exercicios de vocabulario, gramática, comprensión lectora, comprensión oral e expresión escrita. O alumnado coa materia pendente deberá entregar as tarefas debidamente cubertas nos prazos establecidos. A entrega destes traballos será **CONDICIÓN INDISPENSABLE PARA SUPERAR A MATERIA PENDENTE**. O traballo será corrixido polo profesor do curso actual e devolto ao alumnado, ofrecendo deste xeito o '*feedback'* necesario para mellorar a súa produción.

  **Como mínimo cada mes**, durante a última semana do mesmo, o profesor que ensine aos alumnos coa materia pendente, preguntará a estes se teñen algunha dúbida con respecto ao material que deben facer ou aos contidos que deben revisar. **O/A profesorado curso actual** encargarase de resolver as dúbidas que tivesen e axudalos na medida do posible durante a súa hora de titoría de alumnos.

Aqueles alumnos que**NON**presenten as actividades puntualmente**, NON**as realicen ou ofagan**INCORRECTAMENTE,** acadarán unha **cualificación negativa.**

**B. <u>EXAME</u>**

- Aplicarase esta modalidade aos **alumnos/as que non aproben a segunda avaliación** do curso no que estean matriculados.
- Deberán realizar un **exame**para superar a materia. Este será durante o período extraordinario (entre o **5/06 e o 21/06**) no mes de **xuño** logo de celebrada a avaliación ordinaria. O exame versará sobre os contidos mínimos relativos ás unidades do libro de texto do curso anterior.
- En caso de **non aprobar ou non presentarse ao exame final**, a materia seguirá pendente.A proba considerarase superada cunha nota (redondeada) **igual ou superior a 5**.

As datas de entrega, recollida de exercicios e exame final son as seguintes, e a avaliación do alumnado e a súa cualificación será establecida a partir da ponderación dos diferentes instrumentos:

**<u>ENTREGA DE ACTIVIDADES (30%)</u>**

| Tarefa | Data de entrega ao alumno | Data de entrega ao profesor |
|---|---|---|
| **Boletín 1** | Outubro 2021 | *Por determinar*<br>*(Data do 1º parcial)* |
| **Boletín 2** | Febreiro 2022 | *Por determinar*<br>*(Data do 2º parcial)* |

**<u>PROBAS OBXECTIVAS</u>(70%)**

A materia avaliable é a que segue:

| Proba | Contidos Avaliables | Data, Hora e Lugar |
|---|---|---|
| **Xuño** | Temas 0 - 9 | *Por determinar* |

*NOTA:

- No caso de ensinanza **telemática**, será igualmente de carácter **obrigatorio a entrega dos boletíns**. No tocante ás probas, estas serán entregadas no **prazo e forma** que determine o profesor a través da **Aula Virtual** ou o **correo corporativo do centro**. Se o/a alumno/a coa materia pendente, non entrega ou non se presenta ao exame, a materia seguirá pendente até a convocatoria extraordinaria.
- Se o/a alumno/a fixo chegar a súa **falta de medios para a realización** deste tipo de **tarefas** ao profesor, Xefe/a de Departamento ou, no seu defecto, ao seu titor/a, estudiarase de maneira individual a situación do/a alumno/a e será o departamento, como órgano colexiado, quen decida a mellor maneira para poder garantir a avaliación de dito/a alumno/a, podendo adaptar tanto os instrumentos coma os criterios se se considera conveniente.

****NOTA:**

- O Dpto. de Inglés **só realizará exames parciais** no caso de traslado de matrícula do alumnado.

*****NOTA:**

- O alumnado de 2º Bacharelato con materias do curso pasado sen superar, realizarán a proba escrita de recuperación de materias pendentes en Abril. A data será acordada entre o profesor e o alumnado afectado.

## 9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE ADOPTEN COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS

**CONTIDOS A AVALIAR:** Os mínimos de cada curso establecidos no grao de consecución mínima dos estándares avaliables.

**DATAS**: *Segunda quincena de setembro*.

**INSTRUMENTOS:**

- Proba escrita de nivel que incluirá (Vocabulario, gramática, *Reading*, *Listening* e *Writing*)
- *Role-play* individual ou por grupos sobre unha situación comunicativa habitual.
- Proba de pronunciación e fluidez.

**MEDIDAS:** (*Especificadas nas medidas de atención á diversidade)

- Unha vez corrixidas as probas, informarase da destreza/s onde se observa maiores carencias.
- Tarefas específicas de reforzo: exercicios / tarefas de escritura / lectura.
- Medidas individualizadas: Reforzos / ACs significativas en casos particulares.
- Ao alumnado con reforzo e NEE proporcionaráselles tempo axeitado para a consecución das probas, e modelos das mesmas axustados á súa problemática.

## 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade garántese a través do enfoque metodolóxico de área, no que o seguimento individualizado e a cantidade de intervencións do alumno/a forman parte esencial na consecución dos obxectivos. Podemos diferenciar dous tipos de medidas:

**A. MEDIDAS ORDINARIAS:**

- Actividades de ampliación/reforzo atendendo á destreza na que amose as maiores carencias (exercicios, tarefas, traballo en grupo) e actividades en parellas ou grupos.
- Insistencia na comprensión e produción oral: uso de recursos audiovisuais / actividades de produción oral (xogos, *role-plays* ...)
- Materias de Reforzo de Expresión Oral en 2º ESO.
- 3 horas de Xefatura de Departamento + 1 hora de Atención de Alumnos de cada profesor do departamento.
- Unha titoría para o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores. Nesta titoría explicaremos e asesoraremos individualmente a cada alumno/a que se atope nesa situación académica no referido a contidos mínimos, lecturas obrigatorias, metodoloxía, calendario de probas opcionais, ordinarias e extraordinarias, criterios de avaliación, etc. que rexen para o presente curso.
- Traballo aprendizaxe cooperativa.
- Detección e solución de carencias de alumnado de distintos niveis e procedencias diversas.
- Seguimento específico de alumnos repetidores e, en casos concretos, traballo de reforzo personalizado.

**B. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:**

- Adaptacións curriculares para aqueles alumnos que as necesiten.
- Actividades de reforzo específicas.
- Medidas individualizadas: Reforzos / ACs significativas en casos particulares.
- Para alumnado con reforzo e NEE proporcionaráselles tempo axeitado para a consecución das probas e modelos das mesmas axustados á súa problemática.

## 11. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

| | |
|---|---|
| CL | COMPRENSIÓN LECTORA |
| EOE | EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA |
| CA | COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL |
| TIC | TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN |
| EMP | EMPRENDEMENTO |
| EC | EDUCACIÓN CÍVICA |
| PV | PREVENCIÓN DA VIOLENCIA |
| EV | EDUCACIÓN E SEGURIDADE VIARIA |

1. Tanto a **COMPRENSIÓN LECTORA (CL)** como a **EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA (EOE)** abranguen unha parte substancial do perfil competencial da materia en todos os cursos. Ambas son ferramentas imprescindibles e nas que se basea gran parte da capacidade de comprensión e expresión da 1ª Lingua Estranxeira, polo que o seu desenvolvemento dáse por suposto.
2. A **COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL** e as **TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN** están intimamente relacionadas e son traballadas en conxunto en gran parte dos contidos de todos os cursos:
   - Análise crítico e técnico dunha película ou un vídeo clip.
   - Traballo lingüístico sobre as producións audiovisuais.
   - Traballo na casa con series de televisión colgadas na Aula Virtual.
   - Utilización de recursos web (webquests, apps de aprendizaxe de linguas, karaokes, slideshare, uso de redes sociais con fins de información e subida de curriculums ...)
   - Técnicas de procura de información en novos soportes (redes informáticas, CD – Rom ...), así como de tratamento informático de textos (correctores ortográficos)
   - Presentacións en '*PowerPoint*' ou similares.

- Uso do editor de video / audio (moviemaker, Audacity ...)
- Blogs

3. O aspecto do **EMPRENDEMENTO** vén reflexado en todas as actividades nas que o alumno desenvolve consciencia do traballo propio e que posúen unha finalidade de desenvolvemento persoal e profesional. Nas **interaccións orais das situacións cotiás** (p.ex. cando pedimos información sobre horarios ou direccións), na adquisición de **destrezas de comprensión e comunicativas de finalidade práctica** (p.ex. redacción dun email), na **concienciación do esforzo** necesario para a consecución dos logros aos que se aspira (por medio da auto avaliación) e no convencemento do valor do **traballo en grupo** coma un medio de traballo ineludible na sociedade actual.
4. A **EDUCACIÓN CÍVICA E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA** veñen dadas en todas aquelas actividades que implican a necesidade do respecto, o uso de fórmulas de cortesía, por unha banda (diálogos de solicitude de información, uso de fórmulas de respecto enemails formais ou informais) e no convencemento da **singularidade de comportamentos culturais de outras persoas e países** (vídeos e textos de costumes distintas e hábitos diferentes, textos literarios que amosan convencións sociais distintas), o respecto polas **opcións de pensamento e sexuais** das persoas, e a oposición firme ao ***bullying*** e a violencia contra as mulleres.

   Exemplo: 2º Bacharelato.

   - Unidade 1 Vídeo sobre '*rudebehaviours*' e reflexión sobre hábitos propios de comportamento.
   - Texto da unidade 2 '*The Antisocial Network'* no que se reflexiona sobre os hábitos nocivos das redes sociais.
   - Unidade 5: '*The GlassCeiling'* no acceso das mulleres aos cargos de responsabilidade.
5. **A EDUCACIÓN E SEGURIDADE VIARIA**veñen dadas nas actividades que implican o coñecemento das regras de urbanidade e convivencia social. Exemplo: Proxecto de 1º ESO: '*How to recycleourtechnologicaltrashat school'*.

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.

Neste curso académico 2022 – 2023, esperamos poder levar a cabo actividades complementarias. Deste xeito, proporemos a realización dalgunha saída didáctica, aínda que terán lugar dentro da propia localidade e ao aire libre. Asemade, tal e como ven facendo o departamento en anos anteriores, proporemos actividades complementarias coincidentes con festividades:

- ***Halloween*** (visionado e análise de curtametraxes de terror)
- ***Christmas*** (Xmascarols)
- ***Carnival*** (Carnivalin New Orleansvs. CarnivalinSpain – Traballo de grupo)
- ***St. Patrick'sDay*** (ScavengerHunt)

*Actividades específicas para días escollidos, tales como, '*GenderViolenceDay*', '*International DayofPeace*', '*International Women'sDay*', '*April Fool'sDay*' ...

*Actividades de participación coa biblioteca escolar (Proxecto lector a todos os niveis).

## 13. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

| INDICADORES | ESCALA | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | | | |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos (Só para determinadas materias de 2º de bacharelato). | | | | |
| 16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |
| 18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. | | | | |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. | | | | |
| 21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. | | | | |
| 22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| 23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | |
| 24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |
| 26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | |
| 27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | | | |
| 28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| 29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |

## 14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A periodicidade será **TRIMESTRAL**, coincidindo coas avaliacións, sen prexuízo de que nas Actas mensuais de Departamento se faga un seguimento por grupo e nivel.

Ao **final do curso**, revisaranse as liñas xerais, sobre todo de carácter metodolóxico e cualificación.

**AVALIACIÓN PROCESO ENSINO**

| INDICADORES DE LOGRO | INSTRUMENTOS | TEMPORALIZACIÓN | MODIFICACIÓNS E MELLORA |
|---|---|---|---|
| | Acta | Avaliación Inicial | Axuste dos Criterios de Avaliación nalgúns cursos. |
| | Acta | 1er trimestre | |
| | Acta | 2º trimestre | |
| | Acta | 3º trimestre | |
| | Memoria | Final | Resultados moi aceptables.<br>Necesidade de reforzar aínda máis o aspecto oral.<br>Necesidade dun maior uso da Aula Virtual. |

**AVALIACIÓN PRÁCTICA DOCENTE (*EXPRESADA NA MEMORIA DO CURSO 2020 – 2021)**

| INDICADORES DE LOGRO | INSTRUMENTOS | TEMPORALIZACIÓN | MODIFICACIÓNS E MELLORA |
|---|---|---|---|
| | Acta | Avaliación Inicial | Axuste dos Criterios de Avaliación nalgúns cursos. |
| | Acta | 1er trimestre | |
| | Acta | 2º trimestre | |

| | |
|---|---|
| Acta | 3º trimestre |
| Memoria | Final |

**POR CURSO**, para revisar as liñas xerais, sobre todo de carácter metodolóxico.

Vilanova de Arousa, a 12 de  Setembro de 2021.

Asdo: Elena Fraga Vicente (Xefa de Departamento)

Asdo: Yolanda García Gallego

Asdo: Xabier Marqués Solla (Vice-director)

Asdo: María Patricia Fernández Barcia

# 15. ANEXO I: EXEMPLOS DE RÚBRICAS E CHECKLISTS.

*Estas son algunhas das rúbricas, a modo de exemplo, que o profesorado de inglés pode usar na súa práctica docente, mais **non son de obrigado cumprimento**, é dicir, todos os profesores que compoñen o Departamento de inglés son libres de utilizar as rúbricas /checklists(ben elaboradas por eles mesmos, ben tomadas de fontes existentes) coas que se sintan máis cómodos. Iso si, o alumnado debe estar sempre en coñecemento do método a seguir polo/a profesor/a en cuestión.

## WRITING RUBRICS

A. PLANTILLA DE CUALIFICACIÓN DE EXPRESIÓN ESCRITA (PRODUCIÓN LIBRE)

NOME E APELIDOS: ________________________________ GRUPO: ______ NOTA: __________

| | DESCRITORES | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| CONTIDO | O texto adecúase ao que se pide no enunciado. | |
| | O texto axústase á extensión solicitada. | |
| | O texto é coherente. | |
| ASPECTOS LINGÜÍSTICOS | O texto presenta bastante corrección ortográfica (pode haber algún erro puntual). | |
| | A puntuación é axeitada. | |
| | Non hai erros importantes na forma dos tempos verbais e o seu uso é axeitado e coherente (pode haber un ou dous erros puntuais). | |
| | O texto presenta variedade de estruturas gramaticais. | |
| | A orde de palabras é case sempre correcta. | |
| | O texto amosa concordancia de xénero e número. | |
| | O léxico é preciso e axeitado ao tema. | |
| | O texto presente riqueza e variedade de léxico. | |
| | Úsanse os conectores de xeito eficaz e variado (non se limita a '*and*', '*but*' e '*because*') | |

B. PLANTILLA DE CUALIFICACIÓN DE EXPRESIÓN ESCRITA (INTERACCIÓN)

| | DESCRITORES | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| CONTIDO | O texto adecúase ao que se pide no enunciado. | |
| | O texto axústase á extensión solicitada. | |
| | O texto é coherente. | |
| | Respectase o formato e as fórmulas propias da interacción (saúdos, despedidas, etc) | |
| ASPECTOS LINGÜÍSTICOS | O texto presenta bastante corrección ortográfica (pode haber algún erro puntual). | |
| | A puntuación é axeitada. | |
| | Non hai erros importantes na forma dos tempos verbais e o seu uso é axeitado e coherente (pode haber un ou dous erros puntuais). | |
| | O texto presenta variedade de estruturas gramaticais. | |
| | A orde de palabras é case sempre correcta. | |
| | O texto amosa concordancia de xénero e número. | |
| | O léxico é preciso e axeitado ao tema. | |
| | O texto presente riqueza e variedade de léxico. | |
| | Úsanse os conectores de xeito eficaz e variado (non se limita a '*and*', '*but*' e '*because*') | |

**SPEAKING RUBRICS**

A. PLANTILLA DE CUALIFICACIÓN EXPRESIÓN ORAL (MONÓLOGO)

| | DESCRITORES | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| ADECUACIÓN E COHERENCIA | O seu discurso adecúase ao que se lle pide na tarefa. | |
| | Variedade de ideas, non se repite constantemente. | |
| | Enlaza ben as ideas e fai bo uso dos conectores. | |

| | | |
|---|---|---|
| FLUIDEZ E PRONUNCIACIÓN | Pronuncia correctamente en xeral. | |
| | Boa entoación en xeral. | |
| | Discurso fluído; pode haber algunha vacilación pero sen dificultar a comunicación. | |
| CORRECCIÓN | Utiliza correctamente as estruturas gramaticais do nivel. | |
| | O léxico é o axeitado para o seu nivel e non hai erros destacados. | |
| | Non se aprecian erros destacados na orde de palabras (Spanglish, sintaxe española). | |
| RIQUEZA | Sobresae en algún ou todos os aspectos anteriores. | |

B. PLANTILLA DE CUALIFICACIÓN EXPRESIÓN ORAL (ROLE-PLAY)

| | DESCRITORES | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| ADECUACIÓN | Desenvolve todos os puntos da tarefa e interacciona co compañeiro/a. | |
| FLUIDEZ E PRONUNCIACIÓN | Pronuncia correctamente (incluso moi ben) en xeral. | |
| | Boa entoación en xeral. | |
| | Discurso fluído; pode haber algunha vacilación pero sen dificultar a comunicación. | |
| CORRECCIÓN | Utiliza correctamente as estruturas gramaticais do nivel. | |
| | O léxico é o axeitado para o seu nivel e non hai erros destacados. | |
| | Non se aprecian erros destacados na orde de palabras (Spanglish, sintaxe española). | |
| RIQUEZA | Uso variado de estruturas sintácticas e gramaticais. | |
| | Léxico variado. | |
| | Uso de colocacións, frases feitas, expresións. | |

## ORAL PRESENTATION ASSESSMENT RUBRIC

**Student’s name / Students’ names:** ______________________________________________

| CATEGORY | EXCELLENT<br>4 | GOOD<br>3 | FAIR<br>2 | NEEDS IMPROVEMENT<br>1 |
|---|---|---|---|---|
| **PREVIOUS WORK** | The student has prepared this presentation superbly. He / She never reads from his / her blueprint and communicates with accuracy. | The student has prepared this presentation in a very satisfactory way, although he / she rarely reads from a blueprint most of the time and the content is quite original. He / She is also concerned about trying to communicate his / her ideas properly. | The student has prepared this presentation in a quite satisfactory way, although he / she reads from a blueprint most of the time and the content is not truly original. | The student has not prepared his / her presentation properly. He / She usually reads from a piece of paper and the content is not original at all. |
| **ORGANIZATION** | The speech is always organized sequentially. The main ideas are shown first, and then, the secondary ones. | The speech is not always organized sequentially. The main ideas are normally shown first, and then, the secondary ones. | The speech is organized but not in the logical order: first the main ideas, and then the rest. | The speech isn't organized sequentially. The main ideas are not shown first, and then, the secondary ones. |
| **BODY LANGUAGE** | The student is continuously orientated to the audience. The student tries to keep eye contact during the speech. There aren't any nerve expressions. | The student is not continuously orientated to the audience. The student tries to keep eye contact during the speech. There aren't any nerve expressions. | The student is continuously orientated to the audience. The student doesn't try to keep eye contact during the speech. There are some nerve expressions. | The student isn't orientated to the audience. The student doesn't try to keep eye contact during the speech. There are some nerve expressions. |
| **VOCABULARY** | The student uses a wide range of vocabulary and there is no repetition. | The student uses quite a wide range of vocabulary and there is not a lot of repetition. | The student uses some new vocabulary and a few new expressions. | The student tends to repeat words all the time. |
| **MATERIALS** | The student uses high quality material to support the speech. And the material is used in the right way. | The student uses good quality material to support the speech. And the material is usually used in the right way. | The student uses the material in the right way but it is not high quality one and / or the other way round. | The student doesn't use the material in the right way and it is not high quality one. |
| **PRONUNCIATION, RHYTHM AND INTONATION** | The pronunciation is nice and both rhythm and intonation correspond to those expected in an interview, which contributes to it being followed easily. | The pronunciation is often nice and both rhythm and intonation usually correspond to those expected in an interview, which contributes to it being followed quite easily. | The student makes an effort for adopting the adequate rhythm and/or intonation but it does not often match that expected in an interview. Pronunciation must improve quite a lot. | The student does not try to match the rhythm or the intonation expected in an interview. Pronunciation must improve a lot. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ORIGINALITY** | The content is truly original. The student has done a great job working out his / her own material. | The content is mainly original and the parts of it which are from other sources are transformed in an original way. | The content is quite original although some parts of it are copied from different sources. | The student has copied most of its presentation from existing sources. Its content is not original at all. |
| **CONTENT** | Superb content, interesting, original and well presented. Also nicely exposed. | Good content. Well-chosen and presented. A great effort in terms of work and interest. | Nice content. The student has made a good effort trying to offer an interesting, thorough content. | Poor content. Insufficient work. |

## CLASS PARTICIPATION / HOMEWORK

A. <u>BACHARELATO RUBRIC</u>

**NAME:** ______________________________ **GROUP:** __________ **DATE:** __________

| **CATEGORY** | **EXCELLENT (9 – 10)** | **GOOD (7 – 8)** | **FAIR (5 – 6)** | **NEEDS IMPROVEMENT (3 – 4)** | **VERY POOR (1 – 2)** | **SCORE** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **INTEREST & PARTICIPATION** | The student's interest, participation and support are remarkable. | The student usually shows interest in the class, tries to take part in it and is often willing to support any new activities. | The student usually shows interest in the class and tries to take part willingly in its activities. | The student shows a little interest in the class and sometimes / rarely takes part in its activities. | The student shows almost no interest in the class and does not participate in its activities on a regular basis. | |
| **HOMEWORK** | The student always does his / her homework on his / her own, delivers it on time and it is always well-presented. It also exceeds the quality he / she is asked to produce. | The student often does his / her homework on his / her own, usually delivers it on time and it is often well-presented. | The student does his / her homework on his / her own and delivers it on time on a regular basis, although sometimes he / she fails to do that. He / She also tries to keep up the classwork pace. Sometimes his / her work should be better presented. | The student sometimes does his / her homework and delivers it on time. He / She sometimes copies it from another classmate. His / Her work is not usually well-presented. He / She is not very interested in keeping the classwork pace. | The student rarely does his / her homework or delivers it on time and is always reluctant to take part in the classwork and usually copies his / her homework from another classmate. It is rarely well-presented. | |
| **USE OF ENGLISH** | The student exceeds what it is expected of | The student shows a remarkable interest in | The student shows interest in using English | The student shows little interest in using English in | The student shows no interest in speaking | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | her / him. He / She likes English, tries to use it all the time and tries to improve his / her pronunciation. He / She is also aware of its current importance and is willing to offer his / her input of personal tastes in English. | using English and tries to use it most of the time. He / She tries to improve his / her skills and pronunciation. | during the lesson although his / her skills are not the best ones. He / She may try harder both speaking and pronouncing the words but he / she does a good job on the whole. | the class, although he / she tries sometimes. He / She is also reluctant to pronounce properly. | English during the class time and is also reluctant to understand it, pronounce it. | |
| **ATTENDANCE** | The student is almost never absent and justifies his / her absences whenever he / she is asked to. | The student is rarely absent and often justifies his / her absences. | The student is rarely absent and usually justifies his / her absences. | The student is sometimes absent and not always justifies his / her absences. | The student is usually absent and does not justify his / her absences. | |
| | | | | | | **TOTAL:** |

B. <u>ESO RUBRIC</u>

**NAME:** ______________________________________________ **GROUP:** ____________ **DATE:** ____________

| **CATEGORY** | **EXCELLENT (9 – 10)** | **GOOD (7 – 8)** | **FAIR (5 – 6)** | **NEEDS IMPROVEMENT (3 – 4)** | **VERY POOR (1 – 2)** | **SCORE** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **INTEREST & PARTICIPATION** | The student's interest, participation and support are remarkable. | The student usually shows interest in the class, tries to take part in it and is often willing to support any new activities. | The student usually shows interest in the class and tries to take part willingly in its activities. | The student shows a little interest in the class and sometimes / rarely takes part in its activities. | The student shows almost no interest in the class and does not participate in its activities on a regular basis. | |
| **HOMEWORK** | The student always does his / her homework on his / her own, delivers it on | The student often does his / her homework on his / her own, usually delivers it on time and it is often | The student does his / her homework on his / her own and delivers it on time on a regular basis, | The student sometimes does his / her homework and delivers it on time. He / She sometimes copies it | The student rarely does his / her homework or delivers it on time and is always reluctant to take | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | time and it is always well-presented. It also exceeds the quality he / she is asked to produce. | well-presented. | although sometimes he / she fails to do that.<br>He / She also tries to keep up the classwork pace. Sometimes his / her work should be better presented. | from another classmate. His / Her work is not usually well-presented. He / She is not very interested in keeping the classwork pace. | part in the classwork and usually copies his / her homework from another classmate.<br>It is rarely well-presented. | |
| **Use of English** | The student exceeds what it is expected of her / him. He / She likes English, tries to use it all the time and tries to improve his / her pronunciation. He / She is also aware of its current importance and is willing to watch videos / listen to songs at home. | The student shows a remarkable interest in using English and tries to use it most of the time. He / She tries to improve his / her skills and pronunciation. | The student shows interest in using English during the lesson although his / her skills are not the best ones. He / She may try harder both speaking and pronouncing the words but he / she does a good job on the whole. | The student shows little interest in using English in the class, although he / she tries sometimes. He / She is also reluctant to pronounce properly. | The student shows no interest in speaking English during the class time and is also reluctant to understand it, pronounce it. | |
| **Attendance** | The student is almost never absent and justifies his / her absences whenever he / she is asked to. | The student is rarely absent and often justifies his / her absences. | The student is rarely absent and usually justifies his / her absences. | The student is sometimes absent and not always justifies his / her absences. | The student is usually absent and does not justify his / her absences. | |
| | | | | | | **Total:** |

***ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS CO TRABALLO E A ACTITUDE**

**2º ESO**

**PLEB1.5** – Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiás e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas.

**PLEB1.6** - Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.

**PLEB2.1** – Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.

**PLEB2.2** – Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos/das seus/súas compañeiros/as.

**PLEB2.3** – Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (p. ex. transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.

**PLEB2.5** – Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensiblecara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.

**PLEB2.6** – Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos/das seus/súas compañeiros/as.

**PLEB2.7** – Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando.

**PLEB4.1 a PLEB4.6** – Son estándares de produción escrita nos que se sobreentende que o alumno debe realizar os traballos propostos para superar os mesmos.

**PLEB5.1** – Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

**PLEB5.2** – Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos.

**PLEB5.3** – Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.)

**PLEB5.6**– Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais).

**PLEB5.8** - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

## 4º ESO

**PLEB2.1** – Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos/das seus/súas compañeiros/as.

**PLEB2.2** – Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiás, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reacciona adecuadamente sempre que poida solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

**PLEB2.3** – Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (p. ex. transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.

**PLEB2.4** – Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).

**PLEB2.5** – Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.

**PLEB2.6**–Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo ou ocupacional (p. ex. para realizar un curso de verán ou integrarse nun grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.

**PLEB4.1 a PLEB4.6** – Produción escrita – traballo do alumno.

**PLEB5.1** – Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros/as cando non progresa a comunicación.

**PLEB5.2**–Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre.

**PLEB5.3** – Utiliza as convencións máis habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar.

**PLEB5.4** – Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

**PLEB5.9** - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

## 2º BACHARELATO

**PLEB2.1** – Participa con eficacia en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; ofrece e interésase por opinións persoais sobre temas do seu interese; fai comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas; expresa con amabilidade crenzas, acordos ou desacordos, e explica e xustifica as súas opinións e os seus proxectos.

**PLEB2.5** – Fai presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema educativo (p. ex. o deseño dun aparello ou dispositivo, ou sobre unha obra artística ou literaria), coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e responde a preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal.

**PLEB2.7** – Toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas cotiás e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de maneira coherente as súas opinións, os seus plans e as súas suxestións sobre futura actuacións.

**PLEB2.8**–Coopera na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.

**PLEB3.1** – Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados ou o apoio na organización da información e no tipo de texto.

**PLEB5.1** – Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira, reflexiona sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transfire á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

**PLEB5.3** – Utiliza a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información procedente de diversas fontes (biblioteca, internet, etc.) e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, e, durante as actividades de aula, en situacións de comunicación reais ou simuladas, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

**PLEB4.1 a PLEB4.6** – Implica a produción de textos escritos e, polo tanto, o traballo do alumno.

**PLEB5.4** – Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros de outra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.

**PLEB5.6** – Produce textos orais e escritos en diferentes soportes suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo.

**PLEB5.7** – Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.

**PLEB5.9** - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.